



Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/6/2024	GOB18I04E
3B5L4J5I4726692A18XJ	

**ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA QUINCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u></b> D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª OLGA AMENEIRO LOPEZ D/Dª MARIA DEL CARMEN LORENZO TOJEIRO D/Dª JOSE OREONA BRA</p> <p><b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do quince de febreiro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

**2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECIFICAS PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO/A XESTION (PROMOCION INTERNA).**- Vista a

proposta formulada que di así: Logo de ver o informe proposta do servizo de Organización e RRHH (con código de documento PER18I03B) en relación á aprobación das bases específicas de dúas prazas de Técnico/a de xestión, subgrupo A2, polo sistema de concurso oposición, pola quenda de promoción interna que textualmente di:

“De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto se formula o seguinte INFORME-PROPOSTA:

**A)ANTECEDENTES**

A relación de postos de traballo aprobada para 2023 refire, entre outras, as seguintes prazas vacantes:

Posto	Denominación	Praza	Grupo	Nivel CD	Espec	Esc/sub	situ
02.02.A002	XS persoal	<b>1200001</b>	A2	26	301	1/120	V

02.10.A002	XS contrata.	1200003	A2	26	301	17120	V
------------	--------------	---------	----	----	-----	-------	---

A oferta de emprego do ano 2023, aprobada pola Xunta de Goberno de data 30.03.2023 (GOB17I07R) e publicada no BOP de data 14.04.2023 n. 71, incorpora as devanditas prazas, para a súa provisión no sistema de promoción interna, concurso-oposición:

Prazas promoción interna

...

Praza	Denomi	Escala/subes/cat	grupo
1200001	Técnico/a de xestión	Ad. Xeral./de xestión	A2
1200003	Técnico/a de xestión	Ad. Xeral./de xestión	A2

Con data 11.05.2023 (BOP da Coruña nº 95 de 22.05.2023) aprobáronse as bases xerais que teñen que rexer a oferta pública de emprego para 2023

#### **B) CONSIDERACIONES XURIDICAS**

- Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015 de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG)
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)
- Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local
- R.D. 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da administración Xeral do Estado
- Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común(LPAC)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, (LRJSP)
- Acordo regulador/convenio colectivo de funcionarios do Concello de Narón BOP Coruña 20.07.2009 e 31-05-2010, respectivamente)
- Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
- Lei 31/2022, de 23 de decembro, pola que se aproban os presupostos xerais do estado para 2023

#### **C) INFORME PROPOSTA**

As presentes bases se axustan ao preceptuado no RD 896/1991 polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos dos procedementos de selección de funcionarios da Admón. Local; no RD 364/1995 que aproba Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e na LEPG

A vista dos antecedentes expostos e da normativa citada nos apartados anteriores, emítase a seguinte proposta:

**PRIMEIRO.-** Que polo concelleiro delegado pola alcaldía para asuntos de persoal, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do acordo seguinte:

Aproba-las seguintes bases específicas do concurso-oposición para a provisión de dúas prazas de funcionario/a de carreira, técnico/a de xestión de Administración xeral (A2), incluída na oferta de emprego público de promoción interna para 2023 :

#### **BASES ESPECIFICAS PARA A PROVISION DE 2 PRAZA DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN**

**1.- Clasificación da praza.-** Escala de Administración Xeral. Subescala: De xestión



2.- **Número de prazas.**- 2 (1200001 e 1200003)

3.- **Dotación económica.**- As retribucións correspondentes ao subgrupo A2, e os complementos dos postos a cubrir, segundo os acordos adoptados pola Corporación ao respecto.

4.- **Sistema de provisión.**- Promoción interna, por concurso oposición.

5.- **Titulación esixida.**- Titulación universitaria oficial de grado ou equivalente

6.- **Requisitos dos/as aspirantes.**- Os que se determinan nas bases xerais, debendo reunir ademais os seguintes:

- Ser funcionario de carreira do Concello de Narón, pertencente ao subgrupo C1, Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa
- Ter, polo menos, unha antigüidade no grupo de procedencia de 2 anos, dacordo co establecido no art.18.2 do RDL 5/2015

7.- **Misión do posto e funcións** (02.02.A002 e 02.10.A002)

a) **Misión.**- Xestionar, controlar e informar os expedientes da unidade administrativa, velando polo bo fin dos procedementos e analizando os resultados

b) **Funcións do posto:**

- I. Controlar a tramitación dos expedientes da unidade.
- II. Informar expedientes.
- III. Redactar propostas de resolución relativas aos expedientes da unidade.
- IV. Supervisar o traballo do persoal administrativo baixo a súa dependencia.
- V. Xestionar orzamento e liquidar taxas da unidade.
- VI. Substituír á xefatura de servizo no caso de ausencia

8.- **Documentación a presentar xunto coa instancia.**- (non será necesario acreditar os datos que consten no Concello de Narón, pero deberán ser alegados para a súa comprobación pola Administración deste Concello)

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da titulación esixida.
- Xustificante de pago dos dereitos de exame
- Fotocopia compulsada dos méritos alegados, no seu caso.

9.- **Dereitos de exame.**- 8,57 euros.

10.- **Composición do tribunal.**- O tribunal estará composto por:

- Presidente (titular e suplente)
  - Un funcionario/a municipal.
- Vogais (en número de tres titulares e suplentes)
  - Funcionario/as de calquera administración pública.
- Secretario/a (titular e suplente).
  - Funcionario/a de carreira de calquera Administración Pública

11.- **Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.**- O proceso selectivo constará de dúas fases unha de concurso e outra de oposición.

### 11.1.- FASE DE CONCURSO

A fase de concurso que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superalas probas da fase de oposición.

Para o devandito concurso acompañarase relación secuenciada dos méritos que se aleguen, unindo á relación os documentos acreditativos dos mesmos (non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden acreditados no prazo de presentación de instancias.) Aqueles méritos que consten no Concello de Narón, deberán ser alegados e poderase solicitar a súa acreditación á propia Administración Municipal)

Os méritos serán alegados no impreso oficial establecido a tal efecto, e se acreditarán na mesma orde que se reflexen no impreso.

Na devandita fase avaliaranse os méritos do xeito que se reflicte de seguido, ata un máximo de 4 puntos:

a) <b>Servicios prestados</b> .....máximo 2 puntos
----------------------------------------------------

<i>Servicios prestados no Concello de Narón en praza do grupo C1, administración xeral, administrativo/a</i>	<i>0,40 puntos por ano traballado</i>
<b>b) Formación</b> .....máximo 2 puntos	
<i>Cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa praza recibidos polo aspirante.- So se valorarán os cursos homologados oficialmente e impartidos por organismos públicos e centros autorizados, así como os estudos e as titulacións universitarias en universidades públicas ou privadas acreditadas a través de créditos ECTS</i>	<i>Entre 15-20 horas..... 0,1 puntos Entre 21-40 horas... ....0,15 puntos Entre 41-100 horas..... 0,20 puntos Mais de 100 horas .....1,0 punto</i>

*Non se valorarán as titulacións que se requiran como requisito de acceso á praza.*

*Os méritos valoraranse con referencia á data en que remate a presentación de instancias e acreditaranse no momento de formalizar a solicitude de participación, presentando a documentación orixinal ou fotocopias compulsadas ou solicitude de comprobación por parte da Administración do Concello de Narón, no seu caso.*

### **11.2- FASE DE OPOSICIÓN**

*Constará dun exercicio práctico, de carácter obrigatorio e eliminatorio.*

*Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo máximo de unha hora un exercicio práctico, a elixir de entre 2 propostos polo tribunal, relacionados co Anexo I que se achega a estas bases. O exercicio se fará en ordenador habilitado ao efecto sin acceso a internet.*

*Para realizar este exercicio os/as aspirantes poderán facer uso dos textos, documentación ou libros de consulta que consideren oportuno. O textos legais e normativos citados no Anexo I, estarán a súa disposición nunha carpeta ubicada no escritorio do ordenador no que realice a proba.*

*O exercicio cualificarase de 0 a 6 puntos, e será preciso acadar unha puntuación mínima de 3 puntos para superalo.*

*A puntuación final obterase sumando as obtidas nas fases de concurso e de oposición.*

**SEGUNDO.-** *Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia aos efectos do disposto na normativa vixente en materia de selección dos empregados públicos.*

#### **ANEXO I**

- 1. Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local*
- 2. Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local*
- 3. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais*
- 4. Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia*
- 5. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*
- 6. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*
- 7. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións*
- 8. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia*
- 9. Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio do Estado*
- 10. Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- 11. Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais*
- 12. Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria*

13. *Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei das Facendas Locais*
14. *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos del Sector Público*
15. *Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas*
16. *Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado Público*
17. *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*
18. *Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de riscos laborais*
19. *Regulamento de organización Administrativa do Concello de Narón, aprobado polo Concello Pleno de data 30.12.2009 (BOP da Coruña de data 01.02.2010)*
20. *Regulamento Orgánico do Concello de Narón aprobado polo Concello Pleno de data 28.04.2016 (BOP da Coruña de data 06.05.2016)*

*(Calesquera referencia normativa do temario se entende referida ás disposicións legais vixentes na data do exame)”*

Vista a resolución da Alcaldía PER18I0H4 que levanta o reparo emitido pola Intervención de data 31.01.2024 (INT18I019), así como o informe en contestación ao reparo do servizo de Organización e RRHH de data 05.02.2024 (PER18I0FH) Esta Alcaldía, propón a esa Xunta de Goberno a aprobación da proposta transcrita nos seus propios termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**3.- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE, PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA, COFINANCIADAS PARCIALMENTE POLO FONDO SOCIAL EUROPEO PLUS (FSE+) NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027.-** Dase conta da seguinte Resolución da Alcaldía:  
**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

*“ASUNTO: Solicitud de subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para a promoción da igualdade de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024.*

*A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:*

**ANTECEDENTES:**

*A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, publica no DOG nº5 de 08/01/2024, a Resolución do 29/11/2023, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024.(códigos de procedemento SI436A,SI435A e SI427B).*

*O concello de Narón, desenvolve o Programa Corresponsables (LIÑA6-III do Plan de Igualdade), cuxas actuacións encaixan nunha das liñas de financiación da convocatoria referenciada como é o programa Plan Corresponsables (SI436A), e cumpre os requisitos establecidos, polo tanto estímase oportuno optar a esta posible cofinanciación.*

*Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para a solicitude das subvencións doutras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente.*

*Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: “1. Los órganos superiores podrán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos*

administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedimiento (...). En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación para a solicitude da subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

- Bases de execución do Orzamento municipal en vigor.
- Art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais
- RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, Xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

-Resolución de 29/11/2023 publicada no DOG número 05 de 08/01/2024, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases para promoción da igualdade de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024, (códigos de procedemento SI436A,SI435A e SI427B).

Á vista do anterior, A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, propón a Alcaldía que resolva:

1º.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para solicitar á subvención da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a promoción da Igualdade de forma individual do ano 2024, ao abeiro da Resolución do 29/11/2023.

2º.- Aprobar a solicitude de subvención para o programa Corresponsables no ámbito local por importe de 30.109,44€, procedemento SI436A, aceptando expresamente as condicións de financiación e demais requisitos estabrecidos na convocatoria referenciada, co seguinte cadro de financiamento:

CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTES IMPUTADOS		IMPORTE TOTAL
		CONCELLO	ADMINIST. CONVOCANTE	
1,- Persoal				
1,1,- Custe salarial				
1,2,- Outros				
<b>Total Persoal</b>		<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
2,- Programas				
Funcionamiento centros docentes: Ludoteca	3230.22799	24.007,69 €	8.827,20 €	32.834,89 €
Promoción cultural: Espazo Xove	3341.22799	5.056,76 €	9.942,24 €	14.999,00 €
Promoción cultural: Mocidade Semana Santa	3341.22799	3.370,59 €	900,00 €	4.270,59 €
Promoción cultural: Mocidade Verán	3341.22799	3.576,00 €	1.440,00 €	5.016,00 €
Asistencia social primaria: Concilia Semana Santa	2311.22799	3.640,00 €	1.200,00 €	4.840,00 €
Asistencia social primaria: Cole aberto verán	2311.22799	3.635,60 €	7.800,00 €	11.435,60 €
<b>Total Programas</b>		<b>43.286,64 €</b>	<b>30.109,44 €</b>	<b>73.396,08 €</b>
<b>TOTAL</b>		<b>43.286,64 €</b>	<b>30.109,44 €</b>	<b>73.396,08 €</b>

3º.- O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias: 3230 22799 / 2311 22799/ 3341 22799

4º.- Nomear a Dona Marian Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade, coa Consellería de Promoción do Emprego e igualdade no refente a esta solicitude de subvención.

5º.-O subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 45080.

6º.- Dar conta da Resolución de Alcaldía á Xunta de Goberno Local.”

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal en data 05/02/2024, documento de intervención(ICO18I015), do documento(SSO18I0A1) do expediente SSO/15/2024, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

**4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DESTINADA AS**



**ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA, TITULARES DE BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICA DE GALICIA, PARA A ADQUISICIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO E PARA A MELLORA DE COLECCIÓN NO ANO 2024.**

- Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: Solicitud de subvención á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades destinada as entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora de coleccións no ano 2024 (código de procedemento CT235A).

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no DOG nº 14 de 19/01/2024, publica a orde de 26 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas as entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora de coleccións no ano 2024 (código de procedemento CT235A).

A referenciada orde regula a convocatoria do ano 2024 para dous programas de subvencións; Un para a adquisición de novidades editoriais en galego (programa A); E outro para mellora das coleccións bibliográficas (programa B). Co obxecto de solicitar os dous programas subvencionables, o Servizo Sociocomunitario Municipal elabora dúas memorias, tendo en conta que a a contía máxima da axuda, en función do número de habitantes según cifras oficiais publicadas polo IGE no ano 2022 sería a seguinte:

- Adquisición de novidades editoriais en galego(programa A); 3.000,00€.
- Mellora das coleccións bibliográficas (programa B); 4.000,00€.

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva e de acordo coa finalidade e o obxecto dos programas, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que será realizada pola comprobación da concorrencia na entidade solicitante dos requisitos establecidos, conforme o previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, tendo como único criterio para a repartición dos fondos a poboación que debe atender o servizo bibliotecario.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.
- Ley 40/2015, de 1 de octubre de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.
- Orde de 26 de decembro de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e universidades, publicada no DOG nº 14 do 19/01/2024.

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa á Concelleira Delegada de Cooperación no Ensino e Bibliotecas, para que propoña á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1º.-Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o ano 2024, ao abeiro da orde do 26/12/2023, para a financiación dos dous programas:A) Subvencións para a adquisición de novidades editoriais en galego en formato físico, e B) Subvencións para a mellora de coleccións bibliográficas, de acordo co seguinte desglose:

Importe total dos dous programas :		
Programa A: Adquisición de novidades editoriais en galego en formato físico.		3.000,00€
Programa B: Mellora de coleccións Bibliográficas.		4.000,00€
Achega do Concello para o exercicio 2024		0,00 €
Subvención solicitada á Consellería de Cultura, Educación e Universidade	100%	7.000.00 €

2º.- O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 3321 62900

3º.- Nomear a Dona Marian Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no referente a esta solicitude de subvención.”

4º.- o subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 75080”

E unha vez fiscalizado coa toma de razón o informe transcrito pola Intervención municipal con data 06/02/2024 (ICO18I01B) o documento SSO18I09I do expediente ENS/5/2024, quen subscribe, Concelleira de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (delegada por Resolución da Alcaldía de data 22/06/2023), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**5 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO MES DE FEBREIRO E ADICIONAL DO MES DE XANEIRO DE 2024.-**

(...)

**PRIMEIRO:** Aprobar o padrón fiscal das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de febreiro de 2024, por importe de **7.722,40 € e 47 recibos.**

**SEGUNDO:** Aprobar o padrón fiscal adicional das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de xaneiro de 2024, por importe de **1.282,20 € e 22 recibos.**

**TERCEIRO:** Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

**CUARTO:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**QUINTO:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**6 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLA INSCRICIÓN NOS CURSOS E ACTIVIDADES DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO MES DE FEBREIRO DE 2024.-**

(...)





**PRIMEIRO:** Aprobar o padrón fiscal das taxas pola inscrición nos cursos e actividades das instalacións deportivas do mes de febreiro de 2024, cun importe de 28.194,64 € e 1.430 contribuíntes.

**SEGUNDO:** O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

**TERCEIRO:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**CUARTO:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **7.- PROPOSTA DE ANULACIÓN DUNHA LIQUIDACIÓN INCLUÍDA NO PADRÓN DO 4º TRIMESTRE DA TAXA POLA RECOLLIDA DE REFUGALLOS E PPPNT POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACION DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.-**

(...)

**PRIMEIRO:** Anular a liquidación tributaria practicada, incluída no padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 4º trimestre do ano 2023, a nome de MANUEL VALES MÉNDEZ (\*\*\*\*\*), (número de contrato: 28511), no LG/ BARREIROS- SEDES 3, cos seguintes importes:

Auga	Saneamento Baixa	Saneamento Alta	Depuración Baixa	Lixo	IVE	TOTAL
0,00	10,28	0,00	16,83	22,89	2,71	52,71

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo a José Manuel Vales Ramos, na súa condición de herdeiro de Manuel Vales Méndez indicándolle que, contra el, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer os seguintes recursos:

Con carácter preceptivo recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación da resolución, de acordo co disposto no artigo 14.2 do real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da dita resolución, ou no prazo de seis meses a contar dende o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto, segundo establece o artigo 46.1 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

TERCEIRO: Dar traslado do acordo adoptado a COSMA para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **8º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4